

Xoves, 26 de marzo de 2020

Núm. 59

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
PONTE CALDELAS

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

*SUSPENSIÓN DEFINITIVA DOS CONCURSOS DE REDACCIÓN, FOTOGRAFÍA E CARTEIS
DA FESTA DA TROITA*

- **Expediente núm.:** 173/2020
- Resolución con número e data establecidos á marxe
- **Procedemento:** Concursos Festa da Troita 2020

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 263 DE 20/03/2020

Vista a Resolución de Alcaldía 199/2020 pola que se aproban as bases dos Concursos de Fotografía, Carteis e Redacción da Festa da Troita 2020, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de 5 de marzo de 2020.

Visto o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e posterior normativa de desenvolvemento.

Toda vez que ditas Bases contemplan unha serie de prazos, exposición pública, reunións, entrega do material presencialmente, envío, ... que a día de hoxe fan imposible que se poidan levar a cabo. Así mesmo as posibles ampliacións de prazo decretadas en consecuencia do estado de alarma non permitirían contar cos materiais en un prazo suficiente para a súa entrega en imprenta e posterior distribución.

Por todo o exposto, e en virtude do establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

RESOLVO

Primeiro.- Suspende definitivamente a celebración dos Concursos de Carteis, Fotografía e Redacción convocados pola Resolución de Alcaldía 199/2020 e cuxas Bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de 5 de marzo de 2020.

Segundo.- Non constando salvo erro ou emisión que se teña presentado ningún tipo de material ós Concursos; en caso contrario por parte do Concello de Ponte Caldelas procederíase á devolución dos mesmos ós seus propietarios.

Terceiro.- Dar traslado da presente os departamentos de Tesourería e Intervención municipais.

Cuarto.- Que se proceda á publicación da presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios e no Portal de Transparencia municipais.

O alcalde

Andrés Díaz Sobral

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:5W8WB12KQ7W1U0Q

